



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E CRUZ ROJA ESPAÑOLA
PARA POSIBILITAR O DESPRAZAMENTO DE ALUMNADO
DISCAPACITADO A CENTROS EDUCATIVOS RADICADOS NA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou o quince de marzo de dous mil dezaseis con Cruz Roja Española o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o un de abril ata o vinte e dous de xuño de dous mil dezaseis.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: a mutua colaboración a fin de posibilitar o desprazamento do alumnado discapacitado que figura na memoria de detalle do servizo da entidade, anexa ao convenio, dende os seus domicilios a centros educativos radicados na Comunidade Autónoma (ida e volta) que asemade se detallan. Igualmente, este convenio posibilitará o seu traslado a/ou desde os centros nos que reciba tratamento rehabilitador cando o dito tratamento coincida co horario escolar.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamentan no seguinte: dentro do colectivo escolar galego existe un conxunto de rapaces e rapazas con distintos tipos de discapacidades que, necesitando utilizar o transporte escolar para asistir a clase, precisan dunha atención específica e personalizada de acordo coas súas necesidades particulares.





Cruz Roja Española é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten como fin estatutario a defensa dos intereses das persoas discapacitadas, co obxectivo último de acadar a máxima atención social á problemática que presentan, así como lograr a súa propia recuperación, rehabilitación e integración na sociedade, para todo o cal colabora con organismos e entidades relacionados coa problemática das persoas discapacitadas, consciente da necesidade de atención especial e individualizada que requiren estas persoas.

Ámbalas dúas partes están interesadas na mutua colaboración a fin de facilitar a este alumnado os recursos necesarios que lles permita ser escolarizado, aínda que sufra calquera tipo de incapacidade, xa sexa permanente ou temporal, que impida o emprego do servizo de transporte escolar ordinario.

A problemática habitual de grandes discapacidades require contar con asociacións especializadas e cun amplo bagaxe de experiencia, que faciliten, non só vehículos especialmente adaptados ás doenzas, senón tamén a atención persoal e individualizada derivada do coñecemento práctico das limitacións físicas e psíquicas do alumnado e do control dos protocolos de actuación a aplicar nos casos de urxencia suscitados durante o transporte dos escolares.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional pretendido, con exclusión doutras figuras.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela



E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

